



## **Circular 2/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a avaliación do alumnado que cursa os estudos de Grao en Arte Dramática e en Música.**

A Orde do 30 de setembro de 2010 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, e a Orde de 30 de setembro de 2010 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, establecen en cadanseu caso, no seu capítulo IV, o procedemento e normas que deben rexer o proceso de avaliación dos resultados académicos do alumnado no ámbito desta administración educativa.

Asemade, as Circulares 9/2010, 11/2010 e a 1/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, desenvolven e completan cuestións específicas para a posta en marcha dos estudos de grao nas ensinanzas artísticas superiores de Música e de Arte Dramática, no curso 2010/2011.

Finalmente, tendo en conta o proceso de avaliación das materias cuatrimestrais que se prevén de acordo co currículo das ensinanzas de grao en Arte Dramática e de grao en Música, cómpre que por parte desta dirección xeral se diten instrucións nas que se precisen tódolos aspectos do procedemento de avaliación do alumando que está a cursar as ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática e de grao en Música no curso 2010/2011. A tal efecto esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no exercicio das súas competencias, emite as seguintes instrucións.

### **1. Aspectos básicos de aplicación.**

O proceso de avaliación do alumando que está a cursar as ensinanzas artísticas superiores de grao a que se refiren estas instrucións, terá como norma primeira de aplicación o establecido nos artigos 9 e 10 dos respectivos Reais decretos 630/2010 e 631/2010, do 14 de maio, nos artigos 10, 11, 12, 13, 14 e 15 das respectivas Ordes do 30 de setembro para ámbalas dúas ensinanzas de grao, respectivamente, e nas circulares 9/2010, 11/2010 e 1/2011, en todo o referido aos principios e procedementos para a avaliación e permanencia dos estudantes que están a cursar estes estudos.



## **2. Asistencia ás actividades lectivas e avaliación continua.**

- 2.1. Dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se imparten nestas ensinanzas, a avaliación continua constitúe a ferramenta básica no proceso de avaliación. Consecuentemente, e para unha correcta aplicación deste principio, a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas constitúe condición indispensable do proceso de avaliación. A este fin, e segundo o establecido na Guía Docente de cada materia, a aplicación das ferramentas de avaliación deberá ter un carácter regular e permanente, de xeito que quede garantido o principio da avaliación continua.
- 2.2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica de cada centro propondrá aos órganos colexiados do centro para a súa aprobación, un protocolo no que establezan: as condicións nas cales un alumno ou alumna pode incurrir na perda do dereito á avaliación continua por absentismo insuficientemente xustificado; o procedemento para a comunicación ao alumno ou alumna afectado así como para a resolución; os procedementos de avaliación alternativos no caso de perda do dereito á avaliación continua, que serán establecidos polos departamentos e aprobados polos órganos do centro con competencias pedagóxicas
- 2.3. A asistencia as actividades complementarias e/ou extraescolares, cando a realización de tales actividades estea recollida como elemento avaliable dentro da Guía Docente de cada materia e teñan sido aprobadas para a súa execución polos órganos colexiados competentes de cada centro, fará parte do proceso de avaliación nos termos e coa ponderación que a tal efecto se teña establecido na guía docente.
- 2.4. No período que media entre o remate das probas correspondentes ao segundo cuadrimestre e o inicio das probas extraordinarias de xullo, o profesorado manterá o seu horario de titorías docentes, que poderá ser modificado co praxe da Xefatura de Estudos para adaptalo ás dispoñibilidades de espazos e demais necesidades docentes. No marco desas titorías docentes o profesorado poderá programar actividades de recuperación especificamente orientadas ao alumnado que non teña superado as convocatorias ordinarias de 1º e/ou de 2º cuadrimestre. A asistencia a tales actividades terá a consideración de obrigatoria e fará parte do proceso de avaliación, segundo se teña recollido na guía docente da materia.

## **3. Materias de contidos progresivos.**

- 3.1. Unha materia considerada de contidos progresivos, é unha materia que pola súa extensión, contidos e características, precisa de máis tempo do que se dispón nun cuadrimestre para o seu desenvolvemento e acción pedagóxica. En consecuencia, distribúese no currículo en varios períodos



cuadrimestrais, e nos cadros curriculares das ensinanzas de grao en Arte Dramática e de Música sinálanse polo seu nome, acompañado de un número romano que indica a secuenciación destes períodos.

- 3.2. En razón da súa secuenciación, unha materia de contidos progresivos, non pode ser avaliada en tanto non se teña superado a materia inmediatamente anterior, na prelación correspondente.
- 3.3. Para o caso das ensinanzas de grao en Música, a materia de Repertorio con Pianista Acompañante (RPA) se considera vinculada á materia de instrumento principal, de xeito que a superación da materia de RPA queda condicionado á superación da materia de instrumento principal do cuadrimestre correspondente tal e como están dispostos nos cadros curriculares do grao en Música. No caso de que un alumno ou alumna teña superado os contidos da materia de instrumento e non teña superado os contidos da materia de RPA, as direccións dos centros de acordo cos departamentos responsables e titor ou titora do alumno ou alumna, establecerá as medidas de adaptación de contidos que permitan ao alumno ou alumna cursar na materia de RPA, contidos propios da materia de instrumento principal, sen prexuízo de que deba ser avaliado das materias de RPA pendentas, nas correspondentes convocatorias.

#### **4. Aproveitamento académico e permanencia.**

Ao efecto de garantir o axeitado uso dos recursos públicos así como o dereito ao acceso ás ensinanzas artísticas superiores dos potenciais usuarios destes recursos, o alumno ou alumna que no 1º curso en 1ª matrícula, non supere no conxunto dos dous cuadrimestres un mínimo de 20 créditos, perderá a praza acadada, e deberá realizar novamente a proba de acceso aos estudos que corresponda.

#### **5. Convocatorias.**

- 5.1. Serán de aplicación as condicións de promoción e permanencia dispostas nas Ordes do 30 de setembro respectivas.
- 5.2. As convocatorias consumidas nun centro distinto dos da Comunidade Autónoma de Galicia, non serán tidas en conta a efectos de cómputo de convocatorias.
- 5.3. A anulación de convocatoria ou convocatorias, non implica modificación dos prazos de permanencia no centro.

#### **6. Normas básicas para a realización das probas ordinarias e extraordinarias.**

- 6.1. A avaliación ordinaria ou extraordinaria poderá incluír a realización de



probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da implementación da avaliación continua, se así se establece na guía docente da materia.

- 6.2. O calendario de probas finais, no caso daquelas materias para as que se estableza, deberá ser publicado por cada centro, cunha antelación mínima dun mes natural ao inicio destas probas, indicando lugar, data e hora da mesma, así como duración prevista.
- 6.3. As probas específicas terán unha duración e condicións de realización axeitadas á súa natureza. En calquera caso, a duración dunha proba específica non poderá exceder das 14 horas, e deseñaranse de xeito que o examinando poida ter un descanso mínimo de 30 minutos, por cada 3 horas de sesión ou fracción, e sen exceder das 8 horas de duración da proba nun mesmo día.
- 6.4. Os docentes responsables de cada materia farán públicas as cualificacións e establecerán un mínimo de dúas citas, en días diferentes, para a revisión das cualificacións, e probas no seu caso. Estas revisións terán lugar con anterioridade ao remate do prazo para a entrega das cualificacións da secretaría do centro.
- 6.5. O proceso de reclamación contra a cualificación final dunha materia rexerase polo establecido no artigo 14 das Ordes do 30 de setembro respectivas, referidas aos estudos de grao en Arte Dramático, e de grao en Música.
- 6.6. A reclamación contra unha cualificación final, so poderá atenderse en tres supostos:
  - i. Que se teña incorrido en defectos de forma na celebración da proba e que estes defectos impliquen unha alteración das condicións de realización con prexuízo do rendemento do examinando.
  - ii. Inadecuación da proba en relación cos obxectivos e contidos propios definidos para a materia na Guía Docente.
  - iii. Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación previstos na Guía Docente.
- 6.7. Ao obxecto de garantir a existencia de elementos probatorios obxectivos, no caso de recurso contra a cualificación que se desprenda da realización de probas finais específicas, o alumno ou alumna, poderá solicitar do centro a gravación en soporte de audio ou audiovisual, da realización da proba. As gravacións obtidas quedarán depositadas no centro, debidamente identificadas, catalogadas e arquivadas, ao efecto de atender posibles reclamacións.



## **7. Calendario de probas e avaliación.**

Será de aplicación o calendario establecido nas Circulares 11/2010 e 1/2011 para as ensinanzas de grao en Música e de grao en Arte Dramática, respectivamente.

## **8. Documentos de avaliación.**

- 8.1. En tanto non se regulen os documentos de avaliación propios das ensinanzas de grao que substitúan aos actualmente en uso, os centros manterán este últimos, coas modificacións e adaptacións necesarias.
- 8.2. O suplemento europeo ao título, será obxecto de regulación específica.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2011.

O director xeral de Educación,  
Formación Profesional e Innovación Educativa



Asdo.: José Luis Mira Lema